



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Maio 2021

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Maio 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 36,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 38,8%.
- No Comercio incrementa a facturación o 28,5% e nos Outros servizos o 63,1%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 3,6% e en España un 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado agás Illes Balears e Canarias.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 36,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 2,8 puntos inferior á do conxunto do Estado, 38,8%.



O *Comercio*, cun crecemento do 28,5%, achega 21,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 63,1% e achegan 15,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 37,1% e nos *Outros servizos* o 42,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 31,1%, co que achega 13,7 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 74,3% e achega 3,4 puntos e o *Comercio ao retalho* medra un 14,1% e achega 3,9 puntos. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 85,1%, o *Comercio por xunto* o 37,3% e o *Comercio ao retalho* o 24,6%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 63,1%. Os sectores que amosan mellor comportamento son: *Transporte*, cun crecemento do 71,5%, co que achega 9,7 puntos e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 69,9% e achegan 3,7 puntos. A taxa máis elevada rexístrase na *Hostalería*, 496,6%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 42,5%. Os maiores crecementos rexístranse na *Hostalería*, 357,4% e no *Transporte*, 39,5%.

Nos cinco primeiros meses do ano, a facturación no sector servizos crece un 19,3% en Galicia. O *Comercio* crece un 17,9% e os *Outros servizos* un 23,7%. *Comercio por xunto* e *Transporte* son os sectores que máis repercuten no incremento do índice.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 12,5%; no *Comercio* crece un 16,4% e nos *Outros servizos* un 4,9%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 61,7% no mes de maio.

Os sectores que máis contribúe a este incremento son o *Comercio*, o *Transporte* e a *Hostalería* (máis de 50 puntos entre os tres), con taxas do 30,0%, 63,2% e 491,0% respectivamente.


Nos cinco primeiros meses do ano, o índice rexistra unha taxa do 16,1%. O *Transporte* amosa a taxa máis alta, 36,4%, mentres que *Hostalería* e *Información e comunicacións* rexistran taxas negativas, -6,3% e -1,3% respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 36,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 60,8%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de maio en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (47,2%) e Castilla y León (44,1%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (14,2%) e Extremadura (29,7%).

Nos cinco primeiros meses do ano, quince comunidades rexistran taxas positivas, acadando as taxas máis altas Galicia (19,3%) e Castilla y León (18,5%). Dúas comunidades amosan taxas negativas: Canarias (-5,0%) e Illes Balears (-2,1%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2021


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 3,6% respecto ao mes de maio de 2020, 1,3 puntos máis que en España (2,3%).



O persoal ocupado aumenta un 1,4% no *Comercio* e un 5,3% nos *Outros servizos*. O maior incremento de emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (15,6%). En senso contrario, a *Hostalería* perde o 1,1% do persoal ocupado.

En España, o persoal ocupado crece un 1,4% no *Comercio* e un 2,9% nos *Outros servizos*. O único sector con descenso é a *Hostalería* (-2,8%).

Nos cinco primeiros meses do ano, a ocupación diminúe en Galicia o 0,8% e en España o 1,9%. Tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* perden emprego; a maior caída dáse na *Hostalería*, -10,8% en Galicia e -11,4% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de maio con respecto ao mesmo mes do ano 2020 agás Illes Balears (-5,8%) e Canarias (-2,4%). Os maiores incrementos rexístranse en Castilla – La Mancha (4,6%) e Navarra (4,1%).

No que vai de ano, todas as comunidades perden emprego agás Castilla – La Mancha (0,0%). As maiores caídas danse en Illes Balears (-10,5%) e Canarias (-7,6%).

Índices de persoal ocupado. Maio 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	126,0	36,0	19,3
Comercio	124,8	28,5	17,9
Venta e reparación de vehículos de motor	105,0	74,3	44,3
Comercio por xunto	134,0	31,1	18,9
Comercio ao retalho	106,4	14,1	10,2
Outros servizos	129,2	63,1	23,7
Transporte	165,9	71,5	45,3
Hostalería	68,9	469,6	-8,8
Información e comunicacións	108,0	4,7	-1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	157,5	69,9	25,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	84,5	13,2	-8,5
España			
Xeral	115,9	38,8	12,5
Comercio	122,0	37,1	16,4
Venta e reparación de vehículos de motor	127,9	85,1	41,7
Comercio por xunto	128,8	37,3	15,7
Comercio ao retalho	107,0	24,6	10,8
Outros servizos	104,7	42,5	4,9
Transporte	111,1	39,5	8,2
Hostalería	71,3	357,4	-2,6
Información e comunicacións	108,6	13,7	2,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	131,9	36,2	11,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	88,0	35,1	-5,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	125,2	61,7	16,1
Comercio	121,0	30,0	19,8
Transporte	177,3	63,2	36,4
Hostalería	73,0	491,0	-6,3
Información e comunicacións	109,1	3,8	-1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	159,2	67,9	22,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,6	22,9	2,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	115,9	38,8	12,5
Andalucía	116,1	34,2	11,2
Aragón	115,8	33,9	15,2
Asturias	114,4	34,4	14,1
Balears, Illes	85,3	47,2	-2,1
Canarias	83,2	42,5	-5,0
Cantabria	123,0	35,3	16,0
Castilla y León	115,5	44,1	18,5
Castilla-La Mancha	123,6	36,1	17,2
Cataluña	113,5	42,1	13,5
Comunitat Valenciana	128,1	42,9	15,2
Extremadura	124,1	29,7	12,1
GALICIA	126,0	36,0	19,3
Madrid	115,7	41,7	11,8
Murcia	131,9	14,2	5,9
Navarra	126,8	30,9	13,8
País Vasco	120,9	35,9	15,6
Rioja, La	127,9	39,2	16,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,8	3,6	-0,8
Comercio	107,4	1,4	-0,5
Venta e reparación de vehículos de motor	97,4	1,5	-1,9
Comercio por xunto	120,8	2,3	0,9
Comercio ao retallo	101,7	0,7	-1,2
Outros servizos	102,8	5,3	-1,0
Transporte	102,2	4,0	-0,9
Hostalería	87,2	-1,1	-10,8
Información e comunicacións	112,1	4,8	2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,8	3,6	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,3	15,6	6,4
España			
Xeral	104,5	2,3	-1,9
Comercio	104,5	1,4	-1,1
Venta e reparación de vehículos de motor	103,4	0,6	-2,1
Comercio por xunto	109,0	1,3	-0,2
Comercio ao retallo	101,9	1,6	-1,5
Outros servizos	104,4	2,9	-2,5
Transporte	106,4	1,7	-1,3
Hostalería	91,1	-2,8	-11,4
Información e comunicacións	111,6	3,1	0,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,6	2,8	0,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,4	9,2	1,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	104,5	2,3	-1,9
Andalucía	102,4	3,6	-2,0
Aragón	106,4	3,0	-1,4
Asturias	101,6	2,2	-1,1
Balears, Illes	97,0	-5,8	-10,5
Canarias	97,5	-2,4	-7,6
Cantabria	102,9	2,8	-2,8
Castilla y León	100,7	1,7	-2,0
Castilla-La Mancha	105,6	4,6	0,0
Cataluña	106,2	2,3	-1,7
Comunitat Valenciana	105,7	2,8	-1,3
Extremadura	103,2	2,2	-1,0
GALICIA	104,8	3,6	-0,8
Madrid	105,6	2,4	-1,1
Murcia	115,9	3,6	-1,0
Navarra	105,0	4,1	-1,6
País Vasco	103,4	2,4	-0,8
Rioja, La	105,6	2,9	-1,2

Fonte: INE